

ACTA DO TRIBUNAL PARA O PROCESO SELECTIVO DE DOUS AXENTES DE POLICIA LOCAL (1 VACANTE CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DO 2016 E OUTRA A DE 2017)

En Monforte de Lemos, sendo as 10:00 do día 27 de abril de 2018 reúnese na Casa consistorial do Concello o Tribunal cualificador.

Preside a sesión Don Miguel Martínez Díaz; como Vogal suplente asiste don José María Baños Campo e coma secretaria do tribunal dona Elisa Martínez Arias.

Único.- Recibida confirmación por escrito da dispoñibilidade do local do IES DAVIÑA REY para a realización do exame o vindeiro 29 de maio (martes) procede convocar a todos os aspirantes admitidos ó proceso selectivo para a realización da primeira proba do proceso, exame test o vindeiro MARTES 29 DE MAIO de 2018 as 16:00 no Salón de Actos do IES FRANCISCO DAVIÑA REY, sito na rúa Doutor Casares nº 63-67 da nosa cidade.

Lémbrase os aspirantes :

.- Que deben acudir previstos do seu DNI en vigor e de bolígrafo de tinta azul.

.- Que o chamamento levarase a cabo por orde alfabética, comezando pola letra A, e que se tras dous chamamentos ó opositor este non comparece nese intre, perderá o seu dereito de acceso ó exame e considerase desistido da súa participación no proceso selectivo.

.- Tamén que non esta permitido ó acceso o local de exame con teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivos da mesma índole. E que o tribunal non facilitará o servizo de depósito dos mesmos.

.- Dentro do local do local de exame unha vez iniciado este non se permitirá que os aspirantes falen entre eles ou calquera actividade que poida supoñer alteración do normal realizamento da proba. Se o tribunal advertise algún deste comportamentos ou o incumprimento das normas anteriores sobre dispositivos procederá requirir o aspirantes/es ou de resultar procedente a súa expulsión inmediata.

Non habendo mais asuntos que tratar, sendo as 11: 00 horas o Sr. presidente levanta a sesión.

O VOCAL



O PRESIDENTE


